PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 12/12/2024 09:33:27
Nº Rexistro: 4261
Data envio: 12/12/2024 09:33:27.699

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 11 de decembro de 2024**,** adoptou o seguinte acordo:

**Elección dun membro do Consello Social da Universidade de A Coruña, por renuncia de Ana Fernández Roca**

O 7 de outubro de 2024, a Mesa da Cámara tomou coñecemento do escrito do presidente do Consello Social da Universidade da Coruña no que solicita, con motivo do cesamento dun membro do Consello Social designada polo Parlamento o 8 de novembro de 2022, a iniciación dos trámites parlamentarios para proceder a súa substitución (doc. núm. 12209).

Logo da audiencia da Xunta de Portavoces do 11 de decembro de 2024.

Vistos os Criterios de ordenación da elección dos seis membros representantes dos intereses sociais nos consellos sociais do sistema universitario de Galicia designados polo Parlamento de Galicia aprobados o 17 de setembro de 2013.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º) Os grupos parlamentarios poderán propoñer un máximo dunha candidata ou candidato.

Deberán reunir as condicións de idoneidade preceptuadas nos artigos 77.3 e 78 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, e na proposta deberá constar a aceptación expresa do candidato ou candidata e a súa declaración de reunir as condicións legais preceptuadas.

A presentación de candidaturas farase por escrito, dirixido á Mesa do Parlamento e asinado polo portavoz do grupo parlamentario.

A Mesa do Parlamento logo de cualificadas as propostas presentadas, elaborará unha lista única pechada, na que figurarán por orde alfabética os nomes dos candidatos ou candidatas e os grupos parlamentarios propoñentes. Desta lista daráselles traslado aos portavoces dos grupos parlamentarios cunha antelación mínima de seis horas ao inicio da sesión plenaria na que se realice a correspondente designación.

2º) O prazo para formalizar candidaturas remata ás 18:30 horas do 16 de decembro de 2024.

3º) Comunicarlle este acordo aos portavoces dos grupos parlamentarios.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente, email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.12.12 09:32:55 +01'00'

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. Mixto

CSV: REXISTRO-GztdL6nd0-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 12/12/2024 09:33:27
Nº Rexistro: 4261
Data envio: 12/12/2024 09:33:27.699

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 12/12/2024 9:32:55**

**CSV:** REXISTRO-GztdL6nd0-9
**Verificación:**
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/